


**REUNIÓN DA COMISIÓN DE
INVESTIGACIÓN PARA DETERMINAR AS
CAUSAS E DIRIMIR AS
RESPONSABILIDADES POLÍTICAS NO
ACCIDENTE PRODUCIDO O PASADO 12
DE AGOSTO DURANTE A
CELEBRACIÓN DO FESTIVAL DO
MARISQUIÑO EN VIGO, ASÍ COMO
PROPOÑER ACTUACIÓNS NECESARIAS
PARA EVITAR QUE SINISTROS DESTAS
CARACTERÍSTICAS POIDAN REPETIRSE**

Día: 31.10.2018

Hora: 13:30



A Comisión de investigación para determinar as causas e dirimir as responsabilidades políticas no accidente producido o pasado 12 de agosto durante a celebración do festival do Marisquiño en Vigo, así como propoñer actuacións necesarias para evitar que sinistros destas características poidan repetirse, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 31 de outubro de 2018, ás 13:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Aprobación do plan de traballo da Comisión.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2018

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 29/10/2018 13:35:47

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN PARA
DETERMINAR AS CAUSAS E DIRIMIR AS
RESPONSABILIDADES POLÍTICAS NO
ACCIDENTE PRODUCIDO O PASADO 12 DE
AGOSTO DURANTE A CELEBRACIÓN DO
FESTIVAL DO MARISQUIÑO EN VIGO, ASÍ COMO
PROPOÑER ACTUACIÓNES NECESARIAS PARA
EVITAR QUE SINISTROS DESTAS
CARACTERÍSTICAS POIDAN REPETIRSE**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Vicepresidente

Jacobo Moreira Ferro

P

Secretaria

Carmen Santos Queiruga

EM

Vogais

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Jaime Castiñeira Broz

P

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Abel Fermín Losada Álvarez

S

José Alberto Pazos Couñago

P

Paula Prado del Río

P

Patricia Vilán Lorenzo

S

Luis Villares Naveira

EM

Reunión da Comisión de investigación para determinar as causas e dirimir as responsabilidades políticas no accidente producido o pasado 12 de agosto durante a celebración do festival do Marisquiño en Vigo, así como propoñer actuacións necesarias para evitar que sinistros destas características poidan repetirse

Día: 31.10.2018

Hora: 13:30

Orde do día

1. Aprobación do plan de traballo da Comisión.

Proposta de Plan de traballo elaborada pola Mesa da Comisión de investigación para determinar as causas e dirimir as responsabilidades políticas no accidente producido o pasado 12 de agosto durante a celebración do festival do Marisquiño en Vigo, así como propoñer actuacións necesarias para evitar que sinistros destas características poidan repetirse

A Mesa da Comisión, reunida o 29 de outubro de 2018, ao abeiro do disposto no artigo 3 e) das Normas de funcionamento da Comisión elaborou a seguinte proposta de Plan de traballo:

PROPOSTA DE PLAN DE TRABALLO

1ª FASE Solicitude e aportación de documentación.

A continuación enumérase a documentación da que se solicita a súa remisión:

- Expediente municipal completo da Licencia O Marisquiño (Concello de Vigo)
- Documentación municipal completa relacionada coa celebración da edición 2018 de O Marisquiño (Concello de Vigo)
- Convenio de colaboración para o patrocinio do Festival “O Marisquiño” (Concello de Vigo)
- Expediente municipal do convenio de patrocinio do Festival “O Marisquiño” (Concello de Vigo)
- Expediente municipal da licenza do Festival “Vigo Seafest” (Concello de Vigo)
- Expediente municipal da licenza das Festas de San Roque (Concello de Vigo)
- Expediente municipal da licenza das Festas de Coia (Concello de Vigo)
- Convenio de colaboración suscrito polo Concello de Vigo, Autoridade Portuaria de Vigo e Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento da actuación urbanística denominada “Abrir Vigo ao mar” (Concello de Vigo)
- Sentenzas notificadas sobre a responsabilidade das administración local no mantemento do Paseo das Avenidas (Concello de Vigo)
- Comunicacions internas ou externas sobre a responsabilidade do mantemento do Paseo das Avenidas (Concello de Vigo)



- Expediente administrativo do Festival “O Marisquiño” (Autoridade Portuaria de Vigo)
- Requerimentos da Autoridade Portuaria de Vigo a calquera administración relativa ao mantemento e /ou inspección do Paseo das Avenidas
- Informe xurídico sobre responsabilidade das administracións sobre a aplicación da lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia en relación ao accidente do Marisquiño a realizar polo Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela, Don Luis Míguez Macho
- Informe xurídico sobre a tramitación da autorización administrativa previa a celebración do Festival O Marisquiño en relación a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia a realizar polo Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Administración Local de Pontevedra (COSITAL Pontevedra)
- Informe técnico sobre a documentación necesaria para acreditar e certificar as condicións de seguridade das instalacións e actividades incluídas no festival O Marisquiño 2018 en relación a normativa legal vixente, a realizar pola Asociación Española de Empresas de Control de Calidad y Control Técnico Independientes (AECCTI).

2ª FASE Comparecencias.

A continuación relaciónanse as persoas cuxa comparecencia se solicita:

ASOCIACIÓN DE AFECTADOS:

- Representante da Plataforma de afectados polo accidente do Marisquiño da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo Eduardo Chao, para informar sobre o funcionamento do operativo de emerxencias e demais circunstancias relacionadas co accidente de O Marisquiño 2018

PROFESIONAIS E EXPERTOS

- Jose Joaquín Ezpeleta Saénz, representante do festival O Marisquiño, para informar sobre a tramitación da licenza administrativa de O Marisquiño 2018 e das circunstancias do accidente do 12 de agosto.



- Fernando López Mera, Presidente da Asociación Gallega de Ingeniería, Consultoría y Servicios Tecnológicos, para informar sobre a garantía de seguridade en estruturas de formigón.
- Representante da Asociación de Festivais de Galicia, para informar sobre a aplicación das obrigas da lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e demais normativa vixente nos espectáculos públicos.
- Angel Carbajosa López, ingeniero de edificación autor do Plan de autoprotección do Marisquiño e Angel Dieste Aboy, director do Plan de actuación de emerxencias do Marisquiño, para informar sobre as medidas de seguridade previstas para O Marisquiño 2018, e da activación e desenvolvemento do operativo de seguridade tralo accidente do 12 de agosto.
- José Riesgo Boluda, Secretario Municipal do Pleno de Vigo, para informar sobre a tramitación da autorización preceptiva para a celebración do festival O Marisquiño 2018, en relación coa lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia
- Antonio Vivero Mijares, xefe da Área de Seguridade e Mobilidade do Concello de Vigo, para informar sobre a tramitación da autorización preceptiva para a celebración do festival O Marisquiño 2018, en relación coa lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Manuel Córdova, Asesor Xurídico Adxunto da Área de Seguridade e Mobilidade do Concello de Vigo, para informar sobre a tramitación da autorización preceptiva para a celebración do festival O Marisquiño 2018, en relación coa lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Manuel Monroy Castro, Enxeñeiro da Área de Seguridade e Mobilidade do Concello de Vigo, para informar sobre a tramitación da autorización preceptiva para a celebración do festival O Marisquiño 2018, en relación coa lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- María Sobrino del Río, Xefa da Área Técnica da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, para informar sobre a tramitación da autorización preceptiva para a celebración do festival O Marisquiño 2018, en relación coa lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

RESPONSABLES INSTITUCIONAIS

- Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde de Vigo, para informar sobre a tramitación da autorización preceptiva para a celebración do festival O Marisquiño 2018, en relación coa lei

10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e as circunstancias do accidente do 12 de Agosto.

- Carlos López Font, Concelleiro de Seguridade e Mobilidade do Concello de Vigo , para informar sobre a tramitación da autorización preceptiva para a celebración do festival O Marisquiño 2018, en relación coa lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e as circunstancias do accidente do 12 de Agosto.

- Francisco Javier López Pardo, Concelleiro de xestión municipal, persoal, patrimonio e administración electrónica e Concelleiro en funcións de fomento, limpeza e contratación, para informar sobre a tramitación da autorización preceptiva para a celebración do festival O Marisquiño 2018, en relación coa lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e as circunstancias do accidente do 12 de Agosto.

- María Xosé Caride Estévez, Concelleira de Urbanismo do Concello de Vigo, para informar sobre a tramitación da autorización preceptiva para a celebración do festival O Marisquiño 2018, en relación coa lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e as circunstancias do accidente do 12 de Agosto.

- Elena Muñoz Fonteriz, Voceira do Grupo Municipal Popular do Concello de Vigo, para informar sobre as circunstancias relacionadas coa tramitación da autorización preceptiva para a celebración do festival O Marisquiño 2018, en relación a lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e as circunstancias do accidente do 12 de Agosto.

- Ignacio López-Chaves Castro, Delegado Territorial da Xunta de Galicia en Vigo, para informar sobre o operativo de emerxencias activado tralo accidente de O Marisquiño 2018

- Félix Rubial Bernárdez, Xerente da EOXI de Vigo, para informar sobre o operativo sanitario activado tralo accidente de O Marisquiño 2018.

- Luis Menor Pérez Director Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, para informar sobre o operativo de emerxencias activado tralo accidente de O Marisquiño 2018.

- Beatriz Colunga Fidalgo, Directora da Autoridade Pontuaria de Vigo, para informar sobre a autorización administrativa previa á celebración de O Marisquiño 2018, e das obrigas legais derivadas do Convenio “Abrir Vigo ao Mar”.

- Enrique López Veiga, Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, para informar sobre a autorización administrativa previa á celebración de O Marisquiño 2018, e das obrigas legais derivadas do Convenio “Abrir Vigo ao Mar”.



- Carlos González Príncipe, Alcalde de Vigo asinante do Convenio “ Abrir Vigo ao Mar” para informar sobre as obrigas legais derivadas do mesmo.

3ª FASE Traballo en Ponencia.

Tendo en conta a documentación, informes e comparecencias iniciaranse os traballos de elaboración da proposta de ditame en ponencia.

No transcurso dos traballos da ponencia, se fose necesario para elaborar a proposta de ditame, a iniciativa dun Grupo Parlamentario a comisión decidirá se solicita novos informes, documentos ou aclaracións referidos ó obxecto da comisión.

4ª FASE Debate e aprobación da proposta de ditame pola comisión.